

Reunión Extraordinaria do Consello Forestal Galego do 8 de xaneiro de 2021

Asiste pola FEG: José Luis Castro Baleato

ORDE DO DÍA:

Único punto: Presentación da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia “Cara á neutralidade carbónica”

Como ben indicaba o título do punto a tratar, foi a presentación deste documento. Nun principio o presentan como un texto concordado e que era o que se ía presentar no parlamento.

A tramitación da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia, comeza no ano 2015. Organízase un Grupo de Traballo dentro do Consello Forestal Galego co obxectivo de elaborar as directrices da Revisión no que participa a Federación Ecoloxista Galega. A pesar de que nun principio se pretendía que houbo representantés de todos os sectores sociais, a participación acabou sendo bastante restrinxida. O movemento ecoloxista estivo representado unicamente pola FEG e Amigos da Terra, sendo maioritarios os representantés das empresas forestalistas e da Administración. Non se discutiu apenas sobre as directrices, remitíronse unha serie de inquisas que amosaron a opinión da maioría do GT e, a partir delas redactáronse unhas directrices que pretendían presentarse como consensuadas. A Federación Ecoloxista Galega desvinculouse desas directrices e elaborou un documento de achegas que remitiu ao GT expresando a súa preocupación polas ameazas que significaban aquelas directrices.

Chegou a vaga de lumes forestais de 2017 e a raíz desta, creouse a Comisión de Investigación no Parlamento Galego. Nesta Comisión, non se convocou a ningún grupo ecoloxista do Consello Forestal Galego. As conclusións desta comisión úsanse para intentar amosar consenso fronte do Plan Forestal.

A finais do ano 2017 preséntase un borrador da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia e en xaneiro de 2018 a Federación Ecoloxista Galega participa na elaboración dun documento de alegacións ao plan forestal que se presenta conxuntamente con un grande número de grupos ecoloxistas e doutros sectores interesados na xestión forestal (OGCMVMC, empresas...)

Dende entón elabórase un novo documento que, en certo modo, recolle algunhas das alegacións presentadas pero non ofrece alternativa. A 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia que se presentou neste Consello Forestal é bastante diferente ao que se someteu a exposición pública, tense acomodado ás pretensións das empresas e da industria forestal pero carece de eivas ambientais severas, amosándose unhas intencións que provocarán un grave impacto ambiental. O documento presentado, estaba pechado.

Despois das queixas presentadas nesta reunión, ofrecéusenos presentar achegas para incluílas, se consideraba convinte e preciso, no debate parlamentar, pero con moi pouco tempo para traballar no texto.

No que pouco variaba o texto presentado, era nos aspectos máis degradantes, incluso se percibían incongruencias como que os obxectivos de superficie adicada a plantación de eucalipto estaba xa superada antes de aprobar o plan. Amósase como un plan que pouco mira para aquelas especies que non sexan eucalipto e coníferas. A pesar das continuas afirmacións de preocupación polo medio ambiente e o cambio climático, non hai nada dentro do Plan para beneficio destes fins.

O tema dos incendios forestais o deixan a expensas da Estratexia Galega Forestal e da Lei de Incendios, nestes intres en traballos previos. A maioría dos participantes, entenden que unha estratexia é previa ao Plan: Se nunha Estratexia se estuda e se traballa para establecer uns obxectivos cara o sector, o Plan planifica o como queremos acadar estes obxectivos. A resposta foi “que o Plan Forestal era un documento xa iniciado con moito traballo detrás, e que non ían a demoralalo”.

Varios grupos do Consello Forestal, decidimos crear un grupo para presentar alternativas de presión.